

INVISÍBEIS E PRECARIAS

POLA VALORIZACIÓN DOS TRABALLOS DE COIDADOS

Baixo o lema “Sen coidados non hai vida: mudando o sistema, derrubando o patriarcado”, no ano 2020, **o feminismo galego chama a todas as mulleres do noso país a saír ás rúas o vindeiro 8 de marzo**, e, máis unha vez, como nos anos anteriores, facer tremar Galiza, deixando ben claro que facemos parte dun movemento imparábel, que esiximos poñer a vida das persoas no centro das políticas públicas, e que non imos calar até que se consiga a eliminación das violencias machistas e de todas as discriminacións que padecemos as mulleres.

Un ano máis, a CIG dará unha resposta feminista e de clase á explotación, invisibilización e desigualdade. Porque no actual mercado de traballo, os traballos feminizados seguen sendo sinónimo de oficios precarios, nos que se perciben os peores salarios e en peores condicións laborais, con xornadas parciais, dereitos laborais non recoñecidos, acoso, agresións e precariedade.

Alén das condicións laborais, non queremos esquecernos da invisibilidade dos traballos de coidados, en todo ese tempo de traballo principalmente realizado polas mulleres, pero do que se beneficia o resto da sociedade, tempo de traballo indispensable para o mantemento do sistema capitalista, que aparta de todos os seus procesos produtivos e de valor as tarefas asociadas ao doméstico e, por tanto, ás mulleres.

Falamos **das mulleres maiores**, que malia a súa avanzada idade, da súa fráxil saúde, e de teren unhas pensións míseras, se ocupan a tempo completo do coidado das crianzas e do resto das persoas dependentes do seu contorno, mesmo contribuíndo para que poidan alimentarse e vestirse en núcleos familiares afectados pola crise.

Das traballadoras do fogar, sen acceso ao Réxime Xeral da Seguridade Social, formando parte dun sistema especial, excluídas da prestación por desemprego e con dificultades para accederen ao sistema de pensións, facéndose cargo non só da limpeza dos fogares, senón das necesidades de atención e coidados de persoas maiores, crianzas e dependentes, resolvendo as dificultades de conciliación das familias que economicamente poden permitirse retribuír os seus servizos, dada a falta de recursos públicos, mais desenvolvendo o seu traballo en condicións precarias, en xornadas interminábeis, escasamente

retribuídas, moitas veces en situacións de infracotización, xerando economía mergullada que as expón a abusos e vulneración de dereitos, situación que se agrava no caso das migradas, e sendo obxecto de abusos e agresións sexuais en moitos casos por desenvolver a súa actividade na “intimidade” dos fogares.

Falamos de todos os **traballos feminizados**, relacionados co coidado das persoas, coa limpeza dos fogares, de edificios públicos ou dos lugares de traballo, das traballadoras das escolas infantís, dos centros de día, das residencias da terceira idade, das traballadoras de axuda a domicilio, das que traballan en centros de atención a persoas con diversidade funcional, das auxiliares dos comedores escolares, das coidadoras/acompañantes nos buses escolares, ou das traballadoras que desempeñan o seu labor no ámbito da sanidade, as cales se ocupan do coidado das persoas desde o momento do nacemento, nas enfermidades, ou mesmo nos momentos finais da vida, prestando coidados paliativos. **Traballos infravalorizados, cunha alta taxa de temporalidade, cunhas retribucións que non son acordes ao grao de responsabilidade que esixe o traballo de coidados, privatizados, subcontratados por parte da administración pública a empresas que as escravizan para tirar un maior rendemento económico.**

Os contratos temporais e a tempo parcial teñen nome de muller en todos os sectores. Este feito, xunto coa segregación ocupacional, deriva directamente en que o nivel adquisitivo das mulleres sexa moi inferior ao dos homes cando están en activo, pero, especialmente, repercute á hora de recibir calquera tipo de prestación como por exemplo o desemprego ou a xubilación, na que se acumulan as diferenzas por razón de sexo en toda a vida laboral, facendo que hoxe en día a pensión media dun galego sexa case 300 euros maior cá pensión media dunha galega, e que, das persoas con pensións máis baixas, máis do 60% sexan mulleres.

Esiximos dereitos laborais e protección social para todos os traballos feminizados; unha valorización social e económica acorde á importancia do traballo de coidados, recoñecendo o coidado como un dereito universal para todas as persoas, destinando os servizos e recursos públicos que sexan precisos para garantir o benestar.

8 DE MARZO Día internacional da muller traballadora

Porque ficando caladas non se muda a realidade, participa o **1 de marzo** na mobilización nacional en **Verín** convocada por *Galegas8m*, no **6º Encontro Nacional de Mulleres da CIG** na manifestación posterior que sairá do Edificio Cersia en Compostela o vindeiro **4 de marzo**, así como nas mobilizacións convocadas polo feminismo galego durante a xornada do **8 de Marzo, Día Internacional da Muller Traballadora!**

8 de **marzo**
día internacional da
muller traballadora

Secretaría Confederal das Mulleres da CIG

Alfonso Molina s/n, 8º andar - Edificio sindical
15008 A Coruña

Teléfonos:

981 169 293 (centralíña) 981 900 633 (directo)
Fax. 981 151 539

Correo:

muller@galizacig.gal



Secretaría das mulleres



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal

INVISÍBEIS e PRECARIAS

**POLA VALORIZACIÓN
DOS TRABALLOS
DE COIDADOS**

8 de **marzo**
día internacional da
muller traballadora



Secretaría das mulleres